

BASES 1º CONCURSO DE PINTURA AO AR LIBRE "PINTA TUI"

O Concello de Tui convoca a 1ª edición do Concurso de pintura "Pinta Tui" que se celebrará o domingo día 6 de novembro de 2016 nas rúas da nosa cidade coa intención de promover e achegar a arte e a cultura aos visitantes e incentivar a dinamización da oferta turística e as actividades no noso concello.

BASES:

Primeira: Neste concurso poderán participar todos os artistas nacionais i estranxeiros contemplándose dúas categorías, unha para maiores de 18 anos e outra para menores desta idade.

Segunda: O estilo será libre e as técnicas a empregar serán óleo, acrílico, acuarela, sanguina, carboncillo, tintas ou ceras sobre lenzo. O artista virá provisto de todo o material necesario para a execución da súa obra.

Terceira: O tema será calquera paisaxe ou motivo relacionado co Concello de Tui e necesariamente as obras deberán ser pintadas "in situ" o día do certame.

Cuarta: O soporte pode ser variado cun tamaño mínimo de 40 cm. e un máximo de 120 cm, en calquera dos seus lados e de superficie lisa. Permitiranse no soporte imprimacións de cor coma fondo, pero non se admitirán esquemas, debuxos ou calquera sinal previo ao traballo. (As obras non se poderán asinar ata despois do fallo do xurado).

Os soportes serán selados pola organización desde as 10.00h. ata as 11.00h. do día 6 de novembro no interior da Oficina Municipal de Turismo na Praza de San Fernando, antes de comezar a traballar con eles. O certame celebrárase de 11 a 19h.

Quinta: O xurado estará formado por persoas relacionadas con mundo da arte que serán seleccionadas polo Concello de Tui. A decisión do xurado será inapelable. O xurado queda facultado para resolver calquera outro aspecto non previsto nestas bases.

Sexta: As inscricións son gratuítas e realizaranse desde o día 15 de outubro ata o 5 de novembro no correo electrónico turismo@concellotui.org ou na propia Oficina Municipal de Turismo, facilitando a seguinte información:

1. Nome e apelidos, DNI, enderezo, correo electrónico e teléfono de contacto.
2. Documento no que se exprese o coñecemento e a aceptación das bases.

No mesmo día do certame, confirmarase a inscrición e levarase a cabo o selado dos soportes.

Sétima: As obras rematadas recolleranse durante o domingo 6 de novembro antes das 19,00 horas na Oficina Municipal de Turismo na Praza de San Fernando. As obras irán sen sinatura e so se admitirá unha por participante. O xurado deliberará, a porta pechada, ata as 20,00 h., momento no que se procederá a entrega dos premios na Oficina Municipal de Turismo.

Oitava: Os premios establecidos son os seguintes:

- a) Para maiores de 18 anos:
- Primeiro premio: 150 € en material de pintura e 50 € en metálico.
 - Segundo premio: 50€ en material de pintura e 50€ en metálico.
 - Terceiro premio: 50€ en material de pintura.

*Todos os premiados terán a posibilidade de expor nunha sala de exposicións municipal

** O xurado poderá conceder mencións especiais ás obras que así o considere, recibindo os seus autores un agasallo ou trofeo.

- b) Para os menores de 18 anos:
- Recibirán trofeos e diplomas.

Novena: A participación no Concurso de pintura "Pinta Tui" implica a aceptación das presentes bases.